

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A CORUÑA)
CELEBRADO O DÍA 4 DE OUTUBRO DE 2019**

ASISTENTES

ALCALDE

José M. Alonso Pumar

CONCELLEIROS/AS

GRUPO P.S.deG-PSOE:

Jonathan I. Miranda Lucas
M^a José Fraguela López
Alberto Iglesias Fraguela
Ana I. Fachal Fraguela
Ana B. Gómez Aneiros
Carmen del Río Fraguela

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día catro de outubro de dous mil dezanove, reúnen os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde, José Miguel Alonso Pumar. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

GRUPO PP:

Ana M^a López Fernández
José Luís Pérez Pérez

GRUPO MIXTO:

X. Uxío Cerecedo González

AUSENTES:

M^a Elisa Rodríguez Cornide
Ana B. Gómez Aneiros

SECRETARIA:

Alejandra Pardo Vázquez

INTERVENTORA:

Ausente

ORDE DO DIA:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES: 26/07/2019 E 13/09/2019

2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA.

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE CARIÑO Á ASOCIACIÓN XESTORA DO XEOPARQUE CABO ORTEGAL, E NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES PARA O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

5.- MOCIÓNS

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

.....
.....

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES: 26/07/2019 E 13/09/2019

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en diante), o Alcalde pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións ás actas das sesións anteriores, de 26/07/2019 e 13/09/2019, respectivamente, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

As actas son aprobadas por unanimidade dos membros presentes, coa abstención de José Luís Pérez Pérez (na do 26/07/2019) e de José Luís Pérez Pérez, Ana I. Fachal Fraguela e Carmen del Río Fraguela (na do 13/09/2019), por non asistir a ditas sesión.

2.-DACION DE CONTA DOS DECRETOS ALCALDIA DENDE A ÚLTIMA SESIÓN PLENARIA.

O Pleno quedou enterado dos Decretos de Alcaldía dende o 331/2019 de 29/07/2019 ata o 413/2019, de 04/10/2019.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE CARIÑO Á ASOCIACIÓN XESTORA DO XEOPARQUE CABO ORTEGAL, E NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES.

Visto o ditame da C.I de Benestar Social, Educación, Igualdade, Mar, Medio Ambiente e Comercio de data 01/10/2019, que di:

“O Concello de Cariño aprobou, en sesión plenaria de 14/11/2017, a súa adhesión ao Convenio de cooperación entre a Deputación da Coruña e os Concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño para regular e sacar adiante o proxecto Xeoparque Cabo Ortegal.

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

Froito desa cooperación é a decisión adoptada polos citados concellos de crearen unha asociación, sen fin de lucro , que se encargue da xestión dos asuntos relacionados coa candidatura ante a Ünesco e co funcionamento do futuro Xeoparque Cabo Ortegal.

En consecuencia e co obxectivo de avanzar no camiño de chegar a acadar a condición de Xeoparque Cabo Ortegal para o territorio que comprenden os sete concellos, a Comisión Informativa de Infraestruturas, Espazos Públicos e Desenvolvemento Sostible, por tres votos a favor dos grupos municipais do PsdeGa-PSOE, e Grupo Mixto e unha abstención do grupo municipal do PP, emite o seguinte

DITAME:

PRIMEIRO: *Autorizar a adhesión do Concello de Cariño á Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal formada polos Concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira , San Sadurniño e Valdoviño.*

SEGUNDO: *Aprobar os estatutos da Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal que se achegan como anexo a esta proposta.*

TERCEIRO: *Nomear o Alcalde, José Miguel Alonso Pumar, e ao concelleiro da Área de Facenda, Cultura, Deporte, Mocidade e Transparencia, Jonathan I. Miranda Lucas, como representantes do Concello de Cariño no proceso de constitución da dita Asociación, ou persoas en quen deleguen, como representantes na Asamblea xeral da Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal.*

CUARTO: *Comunicarlle este acordo á alcaldesa do Concello de Moeche, como presidenta do Consello de Dirección da Comunidade Intermunicipal do Proxecto do Xeoparque Cabo Ortegal”*

Toma a palabra o Alcalde, explicando que o presente proxecto de Xeoparque foi aprobado, no seu día por unanimidade, acordándose agora a aprobación dos estatutos da asociación, con dous representantes municipais por Concello. Que cada Concello decidiu que os representantes serían membros do equipo de goberno, e aínda que se suscitou a posibilidade na Comisión Informativa de que se nomeara a algún membro da oposición, que o comentaron co resto das Administracións e entenderon que para iso sería máis convinte nomear a tres persoas, e que agora sería pouco factible, porque habería que modificar os estatutos nese sentido.

Uxío Cerecedo comenta que o tema non ten maior importancia, simplemente di que se pense para outras ocasións implicar máis á oposición, e sempre gardando a representatividade acadada en Pleno.

O Pleno corporativo, por sete votos a favor dos grupos municipais do PSdeGa e Grupo Mixto e dúas abstencións do grupo municipal do PP

ACORDA:

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

PRIMEIRO: Autorizar a adhesión do Concello de Cariño á Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal formada polos Concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño.

SEGUNDO: Aprobar os estatutos da Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal que se achegan como anexo a esta proposta.

TERCEIRO: Nomear o Alcalde, José Miguel Alonso Pumar, e ao concelleiro da Área de Facenda, Cultura, Deporte, Mocidade e Transparencia, Jonathan I. Miranda Lucas, como representantes do Concello de Cariño no proceso de constitución da dita Asociación, ou persoas en quen deleguen, como representantes na Asamblea xeral da Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal.

CUARTO: Comunicarlle este acordo á alcaldesa do Concello de Moeche, como presidenta do Consello de Dirección da Comunidade Intermunicipal do Proxecto do Xeoparque Cabo Ortegal.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES PARA O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

Visto o ditame da C.I de Benestar Social, Educación, Igualdade, Mar, Medio Ambiente e Comercio de data 01/10/2019, que di:

“Visto o escrito remitido a esta entidade local pola Secretaría do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade no que se require a este Concello que nomee representantes políticos e técnicos para garantir a representación e participación desta entidade local en dito organismo.

A Comisión Informativa de Infraestruturas, Espazos Públicos e Desenvolvemento Sostible, por tres votos a favor dos grupos municipais do PsdeGa-PSOE, e Grupo Mixto e unha abstención do grupo municipal do PP, emite o seguinte

DITAME:

PRIMEIRO: Nomear como representantes políticos e técnicos do Concello de Cariño no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade a:

Representantes políticos:

-Titular: Concelleiro-delegado da Área de Facenda, Cultura, Deporte, Mocidade e Transparencia: Jonathan I. Miranda Lucas.

-Suplente: Concelleira-delegada da Área de Benestar Social, Educación, Igualdade, Mar, Medio Ambiente e Comercio: M^a José Fraguela López.

Representantes técnicos:

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

-Titular: Norma Novo López (traballadora social).

-Suplente: Rosa Martínez Montero (traballadora social).

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á Secretaría do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade”.

O Alcalde explica que o Concello de Cariño fai dous anos que se adhiriu a este Fondo, que ten como función a cooperación con países de fala portuguesa en África. Engade que vence o mandato da anterior directiva, presidida polo Alcalde de Nigrán, e que agora hai que volver a designar a representantes, un político e un técnico.

Non suscitándose debate, o Pleno corporativo, por sete votos a favor dos grupos municipais do PSDeGa e Grupo Mixto e dúas abstencións do grupo municipal do PP

ACORDA:

PRIMEIRO: Nomear como respresentantes políticos e técnicos do Concello de Cariño no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade a:

Representantes políticos:

-Titular: Concelleiro-delegado da Área de Facenda, Cultura, Deporte, Mocidade e Transparencia: Jonathan I. Miranda Lucas.

-Suplente: Concelleira-delegada da Área de Benestar Social, Educación, Igualdade, Mar, Medio Ambiente e Comercio: Mª José Fraguela López.

Representantes técnicos:

-Titular: Norma Novo López (traballadora social).

-Suplente: Rosa Martínez Montero (traballadora social).

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á Secretaría do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

5.- MOCIÓNS

5.1.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO SOCIALISTA O 01/10/2019 (RE 1.729) SOBRE A POLÍTICA DO GOBERNO GALEGO EN RELACIÓN CO ABANDONO DO MEDIO RURAL GALEGO.

Transcríbese a continuación de forma literal a moción:

“ Os danos do xabariil constitúen a día de hoxe un grave problema social en Galicia. As poboacións destes animais causan danos na agricultura que Unións Agrarias ten estimado nun informe técnico en preto de 15 millóns de euros ao ano. Asemade os responsables de Tráfico e da Garda Civil informan dunha media

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

nos últimos anos duns 1.100 accidentes de tráfico cada ano, vencellados á irrupción do xabaril nas estradas galegas.

Engadamos a estes efectos negativos, o problema que supón esta especie sobre os ecosistemas de zonas protexidas e espazos naturais, onde o seu control está restrinxido e precian sobre a fauna protexida. Tamén o seu acercamento ás vilas e cidades, ocasionando danos en xardíns públicos e mesmo poñendo en risco a integridade das persoas ás que poden atacar con consecuencias imprevisibles, como ven de pasar en Pontearreas recentemente.

Por último, a ameaza que supón o achegamento a Galicia da peste porcina africana, e a ameaza directa que supón para os centros de familias que dependen do rural do sector porcino, sector que desaparecería por unha mala xestión das poboacións do xabaril, o seu principal vector de contaxio.

As fórmulas actuais para controlar as poboacións de xabaril a través da caza, de previr todos os seus danos, e de pagalos a quen os está a sufrir, son a día de hoxe insuficientes, porque lonxe de poñer o problema baixo control, aumenta cada ano.

Asemade o actual marco legal de caza de Galicia, deixa un simple papel de cómodo observador á Xunta de Galicia, quen delegou toda a responsabilidade e todo o traballo do control das poboacións de xabaril, e mesmo do pago dos danos, aos TECOR e Sociedades de Caza do rural, que carecen dos recursos e dos medios para afrontar estas responsabilidades.

Por todo o anterior, e dado a importancia que o rural representa neste Concello, como dinamizador fundamental e base da nosa economía produtiva solicita do Pleno municipal a adopción dos seguintes

Acordos:

Co obxecto de harmonizar a coexistencia das poboacións do xabaril e a conservación desta especie cun rural vivo e con actividade agraria e gandeira, coa seguridade da circulación viaria, e co equilibrio medioambiental dos ecosistemas naturais galegos aos que unha proliferación desordenada desta especie pon en perigo.

Solicitar á Xunta de Galicia que impulse unha modificación do marco legal vixente en materia de caza e xestión de fauna. Pasando a asumir directamente o goberno galego as responsabilidades que a continuación se enumeran:

1.- Elaborar un censo de poboación de xabaril en Galicia.

2.- Determinar a densidade máxima de xabarís que pode haber en cada zona, con criterios científicos e técnicos obxectivos, en función do nivel de danos causados aos cultivos e zonas axardinadas, o risco de accidentes de tráfico, e o risco de propagación de enfermidades de transmisión animal á cabana gandeira.

3.- Fixar as medidas de control da poboación de xabarís.

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

4.- *Poñer en marcha novas medidas para o control dos danos da agricultura.*

5.- *Pago das indemnizacións por danos causados pola acción da fauna salvaxe no patrimonio de agricultores e gandeiros, tanto os profesionais, coma aqueles que se adican a esta actividade a tempo parcial.*

6.- *Posta en marcha dun Fondo de Corresponsabilidade dotado economicamente de xeito suficiente para o pago das indemnizacións de danos, e de medidas preventivas”.*

O Alcalde le a moción.

Uxío Cerecedo comenta que lle parece ben que se reclame á Xunta de Galicia que é quen ten a competencia na materia, xa que os veciños están moi preocupados. Que lles parece ben que se soliciten á Xunta que adopte medidas, pero que non lles acaban de convencer as medidas que se propoñen na moción, xa que consideran que se debería de redactar de unha forma máis xenérica, sen poñer tanta enumeración.

Engade que resulta necesario que se faga un estudo sobre as causas, de porqué os xabarís se internan, por exemplo, en zonas máis urbanas que rurais, ao igual que tamén se podería facer coa velutina, xa que a Xunta de Galicia pasa de todo e cre que se debería pedir que tomen medidas ao respecto.

Remata dicindo que no fondo están dacordo coa solicitude de medidas, pero non saben se as que propón o grupo socialista son as máis adecuadas, porque tampouco son expertos na materia.

Toma a palabra Ana M^a López, e di que dende a Xunta de Galicia se están a tomar medidas dende fai anos, deixando as reses nos montes, para que a fauna non baixe aos pobos, pero vese que a proliferación de xabarís é moito maior. Comenta que se dan licenzas para facer cazas, e que fai quince días se deron licenzas para vinte Concellos para que poidan cazar moito mais e así mermar esa gran cantidade de xabarís.

Di que no Concello de Cariño véñse cobixados en determinadas zonas que non están limpas, e que por iso o Concello tería que poñer medios propios, e que tampouco a Xunta tería problema en autorizar a limpeza en determinados sitios onde proliferan os xabarís.

Jonathan I. Miranda comenta que a proposta da moción ven dada polo sindicato agrario que teñen técnicos expertos, que son os que estudan e propoñen estas medidas. Engade que a Xunta de Galicia está a poñer en marcha medidas que ninguén está dacordo con elas, permitindo a caza soamente en catro comarcas, esquecéndose de Ortegal. Entende que a Xunta está a actuar dunha maneira improvisada en catro puntos pero que hai que ter un plan para toda Galicia, e non botar balóns fóra.

Di que sobre o tema da limpeza, que dende o Concello se lle notifica aos propietarios que limpen as fincas e que o van facendo.

Uxío Cerecedo comenta que non son expertos, e que fai falla un estudo severo realizado por técnicos independentes e que propoñan o que se poida facer.

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

Ana M^a López di que a Xunta ten que ter notificación de que hai danos e cantidade excesiva de xabarís, e que dende o Concello hai que animar aos veciños para que denuncien e que o Concello tamén o faga xa que o paseo marítimo vese afectado.

Jonathan I. Miranda pregunta se soamente denuncian eses Concellos aos que se refire a Xunta, e se hai máis por qué non se atopan nese listado.

Ana M^a López resposta que a Xunta de Galicia dará prioridade aos Concellos máis afectados, e que tamén existen zonas que non pertencen aos veciños, e que o mantemento corresponde ao Concello.

Jonathan I. Miranda di que é certo que poden ser Concellos máis afectados, pero a comarca do Ortegal tamén está afectada, e que a Xunta non se quere enterar.

O Alcalde explica que a Directora Xeral de Patrimonio Natural que vive en Cariño, e que ten constancia de que en Cariño hai denuncias.

José Luís Pérez toma a palabra, di que todos están dacordo en que o tema se foi das mans, que a polémica que é deses vinte Concellos, e que son Concellos que non teñen cedidos os dereitos cinexéticos á Xunta de Galicia, e que no resto de Concellos que ocorre o contrario porque teoricamente teñen que estar regulados.

Comenta que en Cariño houbo poucas denuncias, e que en moitos casos houbo que inventalas, houbo que dicir que se produciron danos e que a última nova é que a Dirección Xeral de Patrimonio Natural que vai a chamar a todos os presidentes dos Tecor, que non teñan cedidos os dereitos cinexéticos, para adoptar medidas. Di que é certo que en Cariño que hai moito problema, xa que as zonas periurbanas, zonas onde se refuxan os xabalís, non poden actuar os cazadores, e que nesas zonas vánse a pedir batidas, pero que cren que haberá que modificar a Lei de Caza para paliar un pouco o tema. Pensa que teñen que colaborar todos, e que o tema da limpeza resulta vital, xa que son zonas onde non se pode actuar.

O Alcalde dalle as grazas ao presidente do Tecor por estar a disposición do Concello cando o necesitaron, ofrecendo asemade a súa colaboración.

O Pleno corporativo, por seis votos a favor do grupo municipal do PSdeGa, unha abstención do Grupo Mixto e dous votos en contra do grupo municipal do PP

ACORDA:

Solicitar á Xunta de Galicia que impulse unha modificación do marco legal vixente en materia de caza e xestión de fauna. Pasando a asumir directamente o goberno galego as responsabilidades que a continuación se enumeran:

- 1.- Elaborar un censo de poboación de xabaryl en Galicia.
- 2.- Determinar a densidade máxima de xabarís que pode haber en cada zona, con criterios científicos e técnicos obxectivos, en función do nivel de danos causados aos cultivos e zonas axardinadas, o risco de accidentes de tráfico, e o risco de propagación de enfermidades de transmisión animal á cabana gandeira.

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

- 3.- Fixar as medidas de control da poboación de xabaris.
- 4.- Poñer en marcha novas medidas para o control dos danos da agricultura.
- 5.- Pago das indemnizacións por danos causados pola acción da fauna salvaxe no patrimonio de agricultores e gandeiros, tanto os profesionais, coma aqueles que se adican a esta actividade a tempo parcial.
- 6.- Posta en marcha dun Fondo de Corresponsabilidade dotado economicamente de xeito suficiente para o pago das indemnizacións de danos, e de medidas preventivas.

5.2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PRESENTADA POLO GRUPO SOCIALISTA (01/10/2019, RE 1.730).

“Os Alcaldes e Alcaldesas das Pontes, Ferrol Pontedeume, Neda, Mugar dos, Ortigueira, Cedeira, Cerdido, A Capela, As Somozas, San Sadurniño, Fene, Cariño, Valdoviño, Moeche, Cabanas, Ares, Narón, Miño, Monfero, Mañón, Muras, Xermade, Vilalba e Viveiro, integrados nas comarcas de Ferrol, Eume, Ortegal, Terra Chá e A Mariña Occidental, diante da circunstancia que se está a vivir de EMERXENCIA INDUSTRIAL (coa situación de Endesa, Alcoa, Navantia, Gamesa, Poligal, Reganosa, etc...), que pode arrastar a miles de traballadores e traballadoras e a todo un tecido empresarial vinculado ao sector industrial, que xa leva perdido miles de empregos nos últimos anos (10.000 no naval, 2.700 en Endesa, 400 en Gamesa, 200 en Conservas La Jira e 150 en Pizarras Campo), EXPRESAN a súa profunda preocupación por esta situación.

Así mesmo, estas comarcas arrastran un déficit importante tanto en materia de infraestruturas ferroviarias e viarias, imprescindibles para acompañar esta aposta pola rexeneración industrial, como no referido ao impacto do prezo da enerxía e o grave despoboamento.

Por todo isto, INSTAN CON URXENCIA ás administración con competencia en industria, é dicir, o Ministerio de Industria e á Consellería de Economía e Industria, a acometer unha INICIATIVA CONXUNTA DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E CAPTACIÓN INDUSTRIAL nestas comarcas, que fomente a política industrial os sectores do naval, a enerxía, a fibra de madeira, a transformación do sector primario (agropecuaria, forestal e pesqueiro), o metalúrxico e o tecnolóxico, así como o aproveitamento de todas as potencialidades existentes nestas comarcas.

Para trasladar esta problemática, solicitan as correspondentes entrevistas cos ministerios de Industria e de Fomento, e coas consellerías de Economía, Emprego e Industria e de Infraestruturas e Mobilidade”.

O Alcalde explica que fai unhas dúas semanas que se xuntaron os vinte e seis Alcaldes da comarca en Ferrol, e de dita xuntanza que saíu a declaración institucional anteriormente transcrita. Engade que o documento está asinado por todos os Alcaldes e Alcaldesas, gobernados por todo tipo de partidos con ideoloxías diferentes, e que houbo un acordo conxunto.

Uxío Cerecedo di que o seu grupo apoia a declaración, que se está ante unha emerxencia industrial, que xa se via vir dende fai anos, e que todo o mundo aprecia como a industria e a pesca vai a menos, xa que

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

se trata de un tema de economía estrutural, de privatización de empresas públicas, de falta de control do goberno de Galicia.

Ana M^a López comenta que eles, dende fai anos, que levan dicindo que en Cariño estaba a problemática da xira, moitos postos de traballo afectados, e que o problema é que durante os catro anos non se deu un so paso para mellorar as condicións para que se instalen empresas en Cariño.

Engade que en Navantia se paralizou un proxecto de carga de traballo de dúas fragatas que non aceptou o Alcalde de turno, e que os Concellos tamén deben de dar pequenos pasos en este tema, e que durante catro anos non se fixo nada.

Di que en Cariño non se fixo nada, que non hai un polígono, nin un plan urbanístico, etc.

Jonathan I. Miranda dille á portavoz do PP que está sorprendido porque a culpa dos problemas das Pontes e Alcoa que é do Concello de Cariño. Explica que esta declaración institucional ven dada porque hai un déficit de atención a esta zona, e que vai máis aló deste Concello. E que dende a Xunta de Galicia e o Estado non se lle está prestando a atención que debería. Que o que está claro que se pide é que se preste a atención que se necesita a nivel industrial e de infraestruturas, e que ten que ser algo en conxunto dende o Estado e a Xunta, governe quen governe.

Uxío Cerecedo insiste en que non se presta atención á zona, que son demasiado mansos moitas veces, e que hai que reclamar e preocuparse máis.

O Alcalde di que non vai a entrar en disputas partidistas nin onde está o límite do terreo, e que cre que se debería de ter unhas comarcas máis fortes.

O Pleno corporativo, por sete votos a favor dos grupos municipais do PSdeGa e Grupo Mixto, e unha abstención do grupo municipal do PP apoia dita declaración institucional.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Uxío Cerecedo realiza as seguintes **PREGUNTAS**:

1.- Pregunta como está a modificación puntual nº 3 do PXOM. Queixase que as copias dos documentos conseguíronas buceando polas diversas Consellerías, pero que do Concello non teñen nada. Solicita que se lles entreguen as modificacións que se vaian a facer, e pregunta porque no se trae o expediente a Pleno. Comenta que o equipo de goberno debería de ser máis efectivo, xa que os veciños non poden estar agardando, enfrontándose ás dificultades do PXOM. Pide que se faga máis público este tema.

O Alcalde explica que houbo unha modificación puntual no ano 2015, que pediron un tempo de pausa para solicitar a documentación e que os equipos de asesoramento na materia botaran unha man. Que no ano 2016 mandouse a documentación á Xunta de Galicia, requirindo subsanacións e modificacións dos diferentes textos. Que no ano 2018 deuse un primeiro visto bo, con algunhas salvidades, que sacaron a concurso o Pepri, e que agardaron a que entrase ese novo equipo para estudar as posibilidades de conflito que se podía dar co PXOM. E que incluso, lles mandaron elaborar un catálogo de bens que non estaba.

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

Engade que a día de hoxe practicamente está todo, pero que pode mandarlle un mail cando lle pregunte aos técnicos que lle concreten o que falta.

2.- Políticas que se están levando a cabo en materia de prevención de violencia de xénero, e se recibiron financiación de algunha Administración pública.

O Alcalde explica que teñen varias liñas. A primeira, un convenio que cada ano se asina co CIM comarcal, dende onde se presta ás mulleres do Concello asesoramento xurídico e psicolóxico. Que a segunda liña consiste a posta en marcha pola Deputación dun programa para a contratación dun educador familiar, e que todos os anos o Concello saca un proceso selectivo para iso. E que como terceira vía, un acordo co goberno central para a difusión de campañas sobre a violencia de xénero, que este ano concederon mil euros e pico pero querían incrementar dita cantidade.

Engade que o Concello sacou o II Plan de Igualdade.

Pregunta Uxío Cerecedo se se fixeron as memorias do Plan de Igualdade.

Mª José Fraguela dille a Uxío Cerecedo que ela pode pasarlle información sobre ditas memorias.

Uxío Cerecedo pide que se lle den máis publicidade a todas esas accións, e pregunta se pensan facer outro Plan de Igualdade de cara ao futuro.

O Alcalde resposta que non habería problema en facelo, que terían que falar cos técnicos de Servizos Sociais e ver o enfoque que se lle pode dar dende a Concellería. Cre que sería boa idea facer un novo Plan.

Mª José Fraguela engade que tamén se están a facer actividades cos colexios e o Instituto, actividades programadas ao longo do ano.

3.- A empresa do Servizo de Axuda a Domicilio rematou o contrato en xuño, pero ten que seguir mantendo o contrato dita empresa?

O Alcalde comenta que se prorrogou o contrato un ano máis, xa que así se establecía dita posibilidade nos pregos de cláusulas.

Uxío Cerecedo comenta que recibiron queixas tanto dos traballadores como dos usuarios, din que a empresa sempre lle bota a culpa ás traballadoras, que as cambian de casa continuamente, que hai moitas rotacións.. e que a eles non lles parece moi axeitada esta empresa, xa que lles prohíban ás empregadas dar queixas ao Concello.

O Alcalde dille que non sabía nada, e que o que lle transmite lle xenera preocupación, que lle vai trasladar a queixa á traballadora social.

4.- En que fase está o nomeamento do xuíz de paz, e se se publicitou dito procedemento.

O Alcalde resposta que non houbo ningún cambio con respecto á actual xuíza de paz, que houbo un cambio na secretaria do xulgado, por cese da anterior, e que pasa a ser unha traballadora municipal.

5.- Con qué criterios se dan e se quitan complementos de produtividade aos traballadores?

O Alcalde resposta que soamente se quita a produtividade aos traballadores que se atopan de baixa laboral, e segundo unha sentenza xudicial que consta no Concello.

6.- A fonte da Corredoira da Pedra leva tempo sen botar auga, xa que debe estar o caño tupido e non bota polo chorro. Traslada esta queixa.

7.- O firme do camiño da Basteira ao cemiterio está cada vez peor. Traslada esta queixa.

O Alcalde comenta que están a falar con Costas e din que están atados pola ausencia de goberno central e de presupostos xerais do Estado, pero existe disposición de Costas para arranxalo.

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

8.- Comenta que a páxina web do Concello que está moi desactualizada, con orzamentos do ano 2017 moi incompletos, que a última acta é de febreiro, que se publica pouco no Cariño Informa, que usan sobre todo o Facebook, pero que hai máis medios, e que todo iso debería mellorarse a favor da transparencia.

O Alcalde comenta que intentarán potenciar a aplicación do Cariño Informa e que o Facebook actúa coma unha rede social obxectiva, na que pode intervir todo o mundo. E que todo é mellorable.

9.- Pregunta polas actividades de envellecemento activo.

Jonathan I. Miranda comenta que se están a facer.

10.- Chegou máis documentación sobre o dragado do Porto?

O Alcalde resposta que non, e Uxío di que hai que estar insistindo no tema.

11.- Pregunta por qué non hai orzamentos aínda.

O Alcalde explica que houbo unhas vicisitudes xa que houbo que desenmarañar o lio que deixou o anterior Interventor, e agradece públicamente á Interventora e á Tesoureira o traballo realizado neste sentido.

Engade que no medio atopáronse co proceso electoral, e que sacar o orzamento en xullo para telo aprobado en setembro que lles parecía excesivo, pero que o orzamento está bastante avanzado, xa que se sentaron coa Interventora, facendo xornadas de traballo intenso, e que xa teñen un esbozo do mesmo. Engade que este ano non van ter orzamento.

A continuación Ana M^a López formula as seguintes **PREGUNTAS**:

1.- Pregunta para cando teñen previsto rematar a obra da senda de Figueiroa.

O Alcalde explica que primeiro había que rematar o asfaltado, para poder facer posteriormente a senda, e que tiñan que agardar a que a Deputación acabase, e que hoxe xa estaban a poñer as barandillas de madeira.

Ana M^a López comenta que nesa obra hai unha curva bastante perigosa, e pregunta se teñen previsto pedir á Deputación que se mellore esa zona.

O Alcalde di que eles pretenden que se mellore toda a zona, e que supón que haberá que expropiar.

2.- Que os veciños solicitaron noutra zona o paso de peóns que se puxo na Pedra, e que agora hai un conflito cando se ven da parte de Ortigueira, xirando para Figueiroa, porque se cruza unha persoa que se queda no medio da calzada principal co vehículo. E polo tanto, considera que ese paso de peóns non está correctamente ubicado.

O Alcalde explica que o paso de peóns foi ubicado alí porque así o dispuxeron os técnicos da Deputación, que os veciños o pediron máis arriba pero que a Deputación non estaba dacordo. E que ese paso de peóns é perigoso, pero como todos os de Cariño, xa que todos se atopan nun cruce.

3.- Pregunta polo expediente da ponte da Ortigueira.

O Alcalde explica que hoxe estivo con un técnico da Deputación e que lle comentou que a empresa adjudicatario que incurriu en baixa temeraria, que a Deputación non a aceptou e que se require ao seguinte contratista para que presente documentación.

4.- Pregunta polas reunións que tivo con posibles inversores interesados no municipio.

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

O Alcalde comenta que os inversores querían que o Concello aportara cartos aos seus proxectos, e que quedou en nada, xa que o Concello non pode converterse en inversor de proxectos privados.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as vinte e unha horas e corenta minutos.

O Alcalde
Asdo:- José M. Alonso Pumar

A Secretaria
Asdo.- Alejandra Pardo Vázquez